

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfrenta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo ao alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3	2-3			31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sustentabilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analogías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico, para o desenvolvemento da iniciativa, do traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	<p>Historiografía e metodoloxía histórica.</p> <p>As raíces históricas: A Idade antiga.</p> <p>A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.</p>	<p>Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. Os pobos prerromanos da Península Ibérica. Conquista e romanización. A monarquía visigoda.</p> <p>Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e a realidade socioeconómica.</p> <p>Explicar a evolución e configuración política</p>	5	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	<p>Historiografía e metodoloxía histórica.</p> <p>As raíces históricas: A Idade antiga.</p> <p>A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.</p>	<p>dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.</p> <p>Analizar a reconquista e repoboación.</p> <p>Describir o réxime feudal e a sociedade estamental.</p> <p>Comprender as crises baixomedievais (os Irmandiños).</p>	5	9	X		
2	<p>Os reis católicos e o Imperio dos Austria.</p> <p>O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración.</p> <p>Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.</p>	<p>Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna (unión dinástica, reorganización político administrativa).</p> <p>Explicar a evolución e a configuración do imperio español no século XVI.</p> <p>Explicar as causas e as consecuencias da crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía).</p> <p>Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.</p> <p>Analizar o cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).</p> <p>Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas.</p> <p>O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo Ilustrado).</p>	10	9	X		
3	<p>A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.</p>	<p>Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia.</p> <p>As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p>	10	6	X		
4	<p>A construción do Estado liberal (1833-1868).</p>	<p>Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal.</p> <p>Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.</p> <p>Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II.</p>	10	6	X		
5	<p>O Sexenio Democrático (1868-1874).</p> <p>A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869.</p> <p>A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).</p>	<p>Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas.</p>	5	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	A reforma agraria liberal: as desamortizacións. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).	5	6		X	
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	O retorno da monarquía; constitución de 1876; e vida política). Explicar o sistema político da Restauración. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema. Explicar o desastre colonial e a crise do 98.	5	6		X	
8	A crise da Restauración Borbónica (1902-1931).	Analizar a desarticulación do sistema canovista. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98. A Semana Tráxica e as súas consecuencias (1909-1917). A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).	10	6		X	
9	A II República española (1931-1939).	Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). Analizar as grandes reformas da República. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil	10	9		X	X
10	A Guerra Civil (1936-1939).	Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.	10	3			X
11	O franquismo: A Posguerra (1939-1959).	O franquismo: características e institucionalización. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais.	5	6			X
12	O franquismo: O gran desenvolvemento (1959-1975).	Analizar as formas de oposición ao Réxime. Explicar a política económica.	5	6			X
13	Transición e democracia (desde 1975). A España actual.	Analizar a agonía do franquismo. Comprender a Constitución de 1978 e o estado das autonomías. O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981.	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
13	Transición e democracia (desde 1975). A España actual.	Entender a consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE. A consolidación do bipartidismo (1982-2004). Os gobernos do S.XXI. A crise económica de 2007. Describir e analizar os cambios económicos e sociais. Os desastres ecolóxicos: O caso do "Prestige". Comprender e argumentar os avances das últimas décadas na igualdade entre mulleres e homes e valorar en que terreos non é aínda un feito real: Lexislación para a igualdade de 2007. A crise de 2020. A pandemia do "Covid-19". Integración Europea.	10	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución dos territorios musulmáns na Península Ibérica. Explica a evolución e configuración política dos reinos cristiáns.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Analiza e explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, identificando as súas causas e consecuencias.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dun feito histórico. Elabora mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas,	TI	20
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os reis católicos e o Imperio dos Austria. O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas e as consecuencias da decadencia no S.XVII.	PE	85
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o S. XVI e as súas consecuencias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Explica as causas da Guerra de Sucesión e as características do novo modelo de Estado		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Define o concepto de unión dinástica en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do Estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os decretos de nova planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a «revolución dos presos». - Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	PE	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. Comprende as diferenzas entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.	PE	85
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.

UD	Título da UD	Duración
5	O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica as etapas políticas do Sexenio Democrático. Describe as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España.	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía. Describe as características esenciais da Constitución de 1869.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Describe e explica os modelos de goberno do liberalismo tras a expulsión de Isabel II	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Explica as causas e consecuencias das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. Describe a evolución da industria téxtil, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.	PE	85
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Analiza os sectores económicos e especifica a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. Compara o proteccionismo e librecambismo ao longo do S.XIX		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Relaciona os problemas do transporte e o comercio interior cos factores xeográficos. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.	TI	15
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Explica a evolución demográfica de España ao longo do S.XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia. - As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións. - Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar. - Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Describe o sistema político da Restauración, distinguindo a teoría e o funcionamento real.	PE	85
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e consecuencias nos ámbitos económico, político, cultural e ideolóxico.	TI	15
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. Analiza os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
8	A crise da Restauración Borbónica (1902-1931).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904-1927. Describe a crise xeral de 1917: causas, manifestacións e consecuencias.	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas da quebra do sistema político da Restauración e identifica os factores internos e externos. Explica a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Relaciona o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos. Explica a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do S.XX.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
9	A II República española (1931-1939).	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. Analiza o proxecto de reforma agraria.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. Analiza as eleccións de 1936 e a Fronte Popular.	PE	85
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de Estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do Franquismo.	Diferencia as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica en que consistiu o debate sobre a concesión do voto feminino, con Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Describe a lexislación república con as leis que favoreceron a igualdade entre sexos e os campos donde se mantivo unha evidente segregación.	TI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Valora a importancia da Idade de Prata da cultura española, e explica as achegas das xeracións do 98 á do 36.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas. - Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.

UD	Título da UD	Duración
10	A Guerra Civil (1936-1939).	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra	PE	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a Guerra Civil, identificando as causas e consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Explica e compara os cartéis de propaganda política da guerra civil española e analiza as mensaxes que pretendían trasladar dun xeito visual e sinxela á poboación.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Compara o papel outorgado á muller en cada un dos bandos.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Explica o papel de Federica Montseny no bando republicano e o contrapón con a sección feminina de Pilar Primo de Rivera.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. - O golpe de Estado de 1936. A Guerra Civil e o Franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.

UD	Título da UD	Duración
11	O franquismo: A Posguerra (1939-1959).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.	PE	85
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especifica as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación co contexto internacional.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. Elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.

UD	Título da UD	Duración
12	O franquismo: O gran desenvolvemento (1959-1975).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.	PE	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1975.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista tanto no interior como no exterior de España, e comenta a súa evolución no tempo.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. Elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
13	Transición e democracia (desde 1975). A España actual.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977..		
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Analiza a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno de 1979 ata a crise de 2007, sinalando as ameazas ás que se enfronta e os efectos da integración na UE.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	PE	85
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas (ETA, GRAPO, etc.)		
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. Describe o Estado das autonomías e o caso de Galicia.		
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do Estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo Estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Analiza e describe a evolución do Estado de benestar, e o relaciona con o gasto social público. Compara a situación de España e da UE.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sustentabilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Describe os cambios na estrutura laboral na actualidade. Explica a evolución hacia unha sociedade multicultural.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza e explica os principais cambios na sociedade, estrutura familiar, educación e cultura en España.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Describe os principais cambios na mentalidade e costumes española.	TI	15
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Describe as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explica as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e

Contidos

- dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.
- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.
- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.
- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.
- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, ao asociacionismo e ao voluntariado.
- Crecemento económico e sustentable: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª de España, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

As unidades correspondentes a Historia de España pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesor á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de 'reconstrución', é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o docente despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesor deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e

situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

En base ao recollido na lexislación vixente e no proxecto lingüístico do centro en canto ao Bacharelato, as materias deste Departamento impartiranse en lingua galega, buscando que por parte do alumnado se adquiera o dominio necesario do idioma; para iso promoverase o emprego con carácter xeral da lingua galega, oral e escrita, por parte do alumnado. Ademais, en colaboración co Departamento de Lingua Galega e co Equipo de Dinamización Lingüística elaboraremos estratexias que favorezan unha actitude favorábel cara o idioma e unha capacitación tanto escrita como oral.

Tendo en conta que a maioría de alumnado de 2º de Bacharelato ten como obxectivo cursar estudos universitarios, e para iso debesuperar a nova Proba de Acceso á Universidade-PAU, os materiais e as probas adaptaranse ao proposto polo Grupo de Traballo de Historia da CIUG.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto físico ou dixital.
Apuntamentos docente
Aula virtual do centro
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Presentacións interactivas por medio de webs, realidade virtual e apps

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O material fundamental de traballo serán os apuntamentos elaborados polo docente, que estará na Aula Virtual creada especificamente para este curso e materia, empregada tamén como repositorio de contidos avaliábeis.

Recoméndase ademais ao alumnado que empregue como apoio o libro de texto da Editorial Baia, pois permitiralle afianzar e ampliar os contidos que tratamos na aula.

Ademais empregaranse material complementario, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o docente fará propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas feitas por medio webs, realidade virtual e apps específicas.

O alumnado pode utilizar o seu portafólio de traballo, que poderá ser correxido e mellorado polo profesorado. Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual,

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos. Ao comenzo de cada Unidade Didáctica buscarase información sobre os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes., obtendo información tamén sobre os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente, e permiten detectar as posíbeis confusións e incorreccións que o alumnado poida sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Este traballo previo permite definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade, e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe; en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test,, debates, visionado de material audiovisual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	5	5	5	10	10	10
Proba escrita	80	85	85	85	85	85	85	85	85	85
Táboa de indicadores	20	15	15	15	15	15	15	15	15	15

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	100
Proba escrita	85	85	85	85
Táboa de indicadores	15	15	15	15

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso dos instrumentos de avaliación resultando que o das probas escritas é do 85% e o das táboas de indicadores un 15%.

Realizarase 1 proba escrita por avaliación, e tendo en conta que ademais de superar a materia deste curso, a práctica totalidade do alumnado ten como obxectivo enfrontar con éxito as Probas de Acceso á Universidade (PAU); por tanto, previa explicación e traballo co alumnado, a proba escrita consistirá basicamente na realización de exercicios semellantes aos que deberán enfrontar na PAU, incrementándose os contidos a partir da primeira proba de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes.

En canto aos criterios de cualificación da proba, a puntuación estará axustada ao modelo da PAU: Pregunta 1.- Reflexión crítica das fontes de información 2.- Análise comparativa; 3.- Comentario de documento histórico; 4.- Comentario de documento histórico. O valor numérico de cada pregunta estará indicado na proba, que na que unha vez corrixida será entregada ao alumnado para que comprobe os erros caso de habelos, e a puntuación parcial e global. A fin de garantir a avaliación continua,

A corrección e cualificación farase en base aos criterios e rúbricas establecidas polo Grupo de Traballo de Historia de España da CIUG. Procurarase ademais que a duración total de cada unha das probas sexa de 90 minutos, de non ser posíbel nunha soa sesión dividiranse as probas en dúas sesións.

Ao longo do curso prestaráselle unha especial atención á aprendizaxe das técnicas para realización das probas; e debemos ter en conta á hora de organizar o traballo que o modelo de probas da PAU é totalmente novo e non ten nada que ver coas probas que se facían até agora.

Na proba escrita teranse en conta, ademais dos contidos, a orde, a claridade, a limpeza, o emprego dos conceptos propios da materia, a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.

A táboa de indicadores comprenderá as prácticas avaliábeis que o alumnado debe entregar en relación ás diferentes UD. Serán actividades individuais, que se corrixirán a partir dunha escala ou rúbrica. Para isto empregaremos as rúbricas elaboradas polo grupo de traballo ABAU, que valoran tanto a calidade dos contidos como a expositiva. O peso das táboas de indicadores dentro da avaliación estableceuse no 15%, o cal se distribúe entre actividades, traballos e notas de clase.

Tendo en conta a normativa vixente, nesta materia o alumnado deberá empregar a lingua galega tanto oral como escrita

Como norma xeral, valorarase, especialmente, o grado de participación, colaboración e interese que presente o alumnado na realización de todas as actividades, especialmente nas de presentación e motivación.

A nota da avaliación será o resultado de: $\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Ex.} \times 85) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 15)] / 100$.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 6 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso levarase a cabo a media das calificacións das tres avaliacións aprobadas: $\text{Nota final de curso} = (\text{Nota 1ª Av.} + \text{Nota 2ª Av.} + \text{Nota 3ª Av.}) / 3$. No caso de sorprender a algún alumno ou alumna copiando nalgunha das probas ou exames a cualificación será de suspenso nesa proba. Cando a un alumno ou alumna non lle sexa posíbel asistir a unha proba ou exame, por enfermidade ou causa de forza maior, deberá xustificalo documentalmente para ter dereito a que se lle faga noutro momento.

Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda a primeira ou segunda avaliación deberá facer unha recuperación que será por medio de unha proba escrita, modelo PAU, sobre os contidos traballados na avaliación ou avaliacións correspondentes. No caso de ter a primeira avaliación suspensa a proba de recuperación será ao inicio da segunda avaliación, e a recuperación da segunda avaliación serán ao inicio da terceira avaliación. O alumnado que a final de curso teña dúas avaliacións suspensas deberá realizar un exame global no que entrarán todos os contidos do curso, no mes de maio co obxecto de obter a nota final, e o que teña unha soa avaliación suspensa deberá realizar un exame da mesma no mes de maio para obter a nota final.

Aquel alumnado que deba ir á avaliación extraordinaria irá con todos os contidos dados ao longo do curso.

A cualificación das probas de recuperación nas distintas avaliacións parciais e na avaliación ordinaria suporán o 80% da cualificación, sendo o outro 20% o correspondente ás taboas de indicadores. Levarase a cabo un redondeo da cualificación definitiva e este será á alza cando o decimal é igual ou superior a 6 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 6. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. No caso de non acadar unha cualificación superior a 5, respectarase a nota máis alta acadada, entre a nota suspensa da avaliación e a nota suspensa da súa recuperación.

Na avaliación extraordinaria haberá unha única proba escrita da totalidade da materia, e a súa cualificación será a cualificación desa avaliación, co correspondente redondeo.

6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen.. En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados. O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten aos niveis do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao distinto alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados ao alumnado. En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade: - Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais. - Actividades con diferentes graos de profundización. - Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual								X
ET.3 - Competencia dixital								X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X						
ET.6 - Educación emocional e en valores								
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X						
ET.8 - Creatividade						X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X			X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero					X
ET.8 - Creatividade	X				X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia pola diversidade étnica e cultural.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese museos.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.	X		
Visitas a cidades e lugares de interese histórico, artístico ou xeográfico.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.		X	
Roteiros de interese histórico, xeográfico ou cultural.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.			X

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

As actividades fora da aula están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización das unidades e dos contidos
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación

Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Estratexias de motivación do alumnado
A práctica docente é innovadora
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Eficacia e variedade das actividades e recursos
Clima de traballo na aula
Interacción co alumnado
Outros
Exposición da información

Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizarse por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, dispórase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicábel e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo. Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados